



Vellos cacharros para facer memoria

Gustavo Docampo


No Outono do ano pasado comezou a coller forma a idea de facer unha exposición sobre a antiga cerámica popular valdeorrresa. Eran os primeiros pasos da *Asociación Cultural Vía Nova*, que se presentaba así, con intención de aportar compromiso coa cultura galega, nunha comarca na que escasean as propostas positivas a prol da normalización cultural e lingüística, con capacidade para xenerar unha dinámica de autoestima a través do estudio e coñecemento de aquilo que nos é propio. Así pois, poucas cousas ían estar máis acaidas aos obxectivos de intervención sociocultural que o grupo se propón desde os inicios ca investigación e divulgación da olería tradicional que se facía en O Seixo, Portomourisco e Rubiá.

Algúns membros do colectivo coñecían a existencia destes centros de oleiros e mesmo posuían interesantes pezas desa procedencia. Outros, maiormente os que adoptaron esta comarca como lugar de residencia e traballo, foron sorprendidos e cautivados polas creacións dos obradoiros cerámicos valdeorreses: interesantes pezas de louza antiga, utilitarias e fermosas, que son expresión dun xeito de vida, dunha cultura rural que xa é páxina do pasado, pero páxina aínda fresca e aberta á nosa curiosidade, na arela de explicarmos

mellor o tempo de cambios que vivimos.

Xusto é recoñecer que desde a exposición "*Cerámica popular de Valdeorras*" sabemos algo máis dun tema practicamente inédito na nosa comarca. Por extraño que resulte, ninguén tiña feito antes en Valdeorras - que nós saibamos - un traballo de recollida, estudio e presentación pública, coa amplitude que agora se fixo, deste aspecto tan importante da nosa cultura popular. E con isto non queremos arrogarnos ningún tipo de protagonismo, nin reclamar inmerecidos loureiros, que, de habelos, serían para todos aqueles que tiveron a sensibilidade, a fortuna, ou as dúas cousas, de conservar as pezas de barro, algunhas de máis de cen anos, para poder seren coñecidas e admiradas hoxe por todos.

En todo este proceso foi de grande axuda a detallada obra de *Luciano García Alén* "*La Alfarería de Galicia I e II*" (*Fundación Barrié de la Maza, 1983*), e máis concretamente as súas certas alusións aos traballos das oleiras de O Seixo-Portomourisco e dos cacharros de Rubiá. A súa presenza na inauguración da mostra supuxo un estímulo e un recoñecemento ao traballo realizado que nos encheu de satisfacción.



O traballo de campo deu un resultado moi superior ao que inicialmente se esperaba. A colaboración entusiasta dos xoves da Asociación "O Lagar" de A Veiga de Cascallá aportou unha parte significativa dos cacharros orixinais de Rubiá. Os alfares de Rubiá están máis próximos a nós no tempo, funcionaron ata os anos sesenta, o que fai que as pezas sexan máis abundantes e relativamente fáciles de conseguir. Sen embargo, o seu parentesco de primeiro grao coa cerámica de Jiménez de Jamuz, localidade leonesa da que procedían os cacharros que se instalan en Rubiá, fai que sexa máis complicada a súa identificación. Moitas veces é case imposible asegurar se unha determinada peza procede de Rubiá ou da súa "casa matriz" leonesa. Coas formas de O Seixo e Portomourisco, coincidentes



Grupo de «cacharros» de Rubiá: cántaro de pescozo volto e cantarilla de sulfato (detrás), e floreiro, xarro de viño e xarra de leite (diante).

Foto: Simón Balvís

entre sí, pasa o contrario. Ao seren creacións autóctonas teñen unhas características moi orixinais que as diferencian claramente. Ademais, a súa zona de

estensión comercial non coincide coa de outras olerías semellantes (Gundibós por exemplo), que poidera inducir a error como acontece no caso de Rubiá, que


ten que competir en Valdeorras cos cacharreiros de Jiménez que venden practicamente as mesmas formas aos almacéns de O Barco, A Rúa ou Lentellais. Sen embargo a louza negra de O Seixo-Portomourisco deixou de elaborarse a finais dos anos vinte e resulta máis difícil de atopar.

As setenta pezas seleccionadas para a exposición son ben representativas das dúas correntes artesanais. Xunto a elas, unha ducia de paneis informativos e unha vintena de ampliacións fotográficas dos fondos que, destas cerámicas, ten o Museo Etnolóxico de Ribadavia, constituen un suxerente percorrido que invita á reflexión sobre a estética e a funcionalidade e ao reencontro coas antigas formas de vida no medio rural.

Pero a exposición "*Cerámica popular de Valdeorras*", que acadou un notable éxito de público, levaba tamén, implícitos

no seu cerne, outros obxectivos que sobrepasaban o simple carácter informativo consistencial a toda exposición.

Quixo ser unha proposta didáctica para ser usada na escola pero o resultado non foi o apetecido. Confirmouse aquilo de que o estudo do medio, do entorno próximo, da nosa memo-



Santiago Fernández facendo unha "cantarilla de sulfato".

ria comunitaria, seguen sendo, xunto coa normalización lingüística, a grande asignatura pendente da escola galega.

A exposición indica tamén o camiño para unha posible acción sociocultural nos concellos de Rubiá, O Bolo ou Petín, que poda conducir á recuperación destas actividades artesanais cunha finalidade cultural, pero tamén de promoción turística que dea pulo a unha economía local necesitada de incentivos. Resulta exemplar o resultado acadado en Jiménez de Jamuz, pobo situado

a 3 kms de La Bañeza, desde o punto de vista da dinamización da vida local, coa posta en funcionamento do chamado “Museo-Alfar”, un antigo obradoiro rehabilitado convertido nun museo vivo, conducido por un veterano alfareiro do pobo, que realiza e vende as formas tradicionais do lugar, e polo que pasan centos de visitantes.

Por último toda esta experiencia puxo o dedo na chaga do que está sendo, desde o punto de vista cultural, unha das carencias máis inxustificadas da Terra de

Valdeorras: un museo etnográfico comarcal. Un espacio no que se dispoñan, para seren visitados, todos os elementos que configuran o patrimonio material da comarca, antes de que sexa demasiado tarde.

Cerámica popular de Valdeorras

Ana Iglesias

ORIXES E EVOLUCIÓN HISTÓRICA DA OLERÍA TRADICIONAL GALEGA

A Idade Media caracterizouse en todo Occidente por un estatus social composto por señores e campesiños. En Galicia, esa diferenciación persistiu dalgún xeito ata pleno século XX.

Os grandes señores podían, durante a Idade Media, dispoñer de toda a ferramenta precisa nos seus fogares. Por este motivo, existían moitas ferrerías ou obradoiros por toda Galicia, que tra-

ballaban non só o ferro, senón tamén o granito, o acibeche, o estaño, etc.

Pero toda esta produción ten un destino relixioso ou é consumida polos señores e pola alta burguesía. A maior parte da poboación galega, que era campesiña, non tiña ningún poder económico nin social, polo que a súa cultura material estaba a niveis de subsistencia, a súa cerámica era insignificante. Aínda no século XVIII a meirande parte do campesiñado galego non ten outra louza que a de madeira, sendo inaccesible para eles os obxectos de metal, nin tan sequera de ferro.

O SEU PAPEL NA ECONOMÍA LABREGA.

A pesares de que en pleno século XVIII, en Galicia persisten as estruturas feudais, que conlevan o acaparamento dos excedentes da produción campesiña, por parte dos señores. Pouco a pouco, irase pasando dunha economía de autoconsumo, pechada, a aparición de oficios artesanais que cubran, non só as propias necesidades (almacenamento da produción), senón que axudasen coa súa venda á economía familiar.